



Resolución do 7 de agosto de 2019, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 1 de agosto de 2019, polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico Miñón como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, así como das disposicións normativas contidas no mencionado proxecto.

En cumprimento do disposto no artigo 13.5 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, esta dirección xeral dispón que se publique no Diario Oficial de Galicia o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 1 de agosto de 2019, cuxa parte dispositiva é o seguinte texto literal:

«1ª.- Aprobar definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado *Proyecto Sectorial del parque eólico “Miñón”, en el término municipal de Vimianzo (A Coruña). Julio 2019*, promovido por Greenalia Wind Power Miñón, S.L.U.

2ª.- De conformidade co contido do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 1 de outubro de 1997 polo que se aproba o Plan Eólico de Galicia como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, modificado mediante o acordo do 5 de decembro de 2002, o planeamento no Concello de Vimianzo queda vinculado ás determinacións contidas no proxecto sectorial que se aproba.»

De conformidade co artigo 4 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, publícanse como anexo a esta resolución as disposicións normativas do proxecto sectorial do parque eólico Miñón.

Santiago de Compostela

O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces



ANEXO. DISPOSICIÓN NORMATIVAS DO PROXECTO SECTORIAL

1. PLAN VIXENTE NO MUNICIPIO DE VIMIANZO

O Concello de Vimianzo dispón de normas subsidiarias de plan aprobadas o 1.7.1994. Segundo estas normas as clasificacións do solo sobre as que se emprazarán as instalacións do parque eólico son as seguintes:

SF “SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE ZONAS FORESTAIS”

SN “SOLO NON URBANIZABLE COMÚN”

SA “SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE CULTIVOS”

Con data de 19 de marzo de 2016, entrou en vigor a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, publicada no DOG núm. 34 do día venres 19 de febreiro de 2016 que derroga a Lei 9/2002.

Na disposición transitoria primeira, “Réxime de aplicación aos municipios con plan non adaptado e aos municipios sen plan”, di:

Apartado 2) o plan aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

Letra d) ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico, sen conservar as categorías do plan vixente.

Este é o caso do plan urbanístico do Concello de Vimianzo .

A Lei 2/2016 no seu artigo 35 regula os usos e actividades posibles no solo rústico. Entre os mesmos inclúense os recolleitos no punto:

“m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.”





O parque eólico obxecto de estudo, concibido como instalación de produción de enerxía, atópase entre os usos relacionados no citado punto.

Segundo o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no artigo 36, dise:

5) Así mesmo, poderán implantarse en solo rústico aqueles usos previstos nos instrumentos de ordenación do territorio, previa obtención do título municipal habilitante e sen necesidade de autorización urbanística autonómica.

Por tanto, para estas cualificacións de solo é autorizable o parque eólico sen prexuízo da licenza urbanística municipal e demais autorizacións administrativas sectoriais que procedan que se cumpren co presente proxecto sectorial, xa que segundo o Decreto 19/2011, do 10 de febreiro polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio, no seu punto 4.75, indícase que “ (...) nas actuacións relativas á enerxía eólica, desenvolveranse as condicións para o desenvolvemento dos parques eólicos, priorizando a repotenciación dos xa existentes a través da planificación dun plan sectorial. Así, só se poderán instalar parques eólicos nas áreas reservadas para tal fin no devandito instrumento de ordenación e será necesaria a elaboración dun proxecto sectorial para o seu desenvolvemento (...)”.

2. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PLAN MUNICIPAL VIXENTE

Por todo o exposto anteriormente, e co fin de realizar a ordenación territorial da área afectada polo parque eólico Miñón no Municipio de Vimianzo, incluírase a delimitación sinalada no *PLANO Nº 4.- ORDENACIÓN URBANÍSTICA PROPOSTA*, que se corresponde coa área de incidencia urbanística do parque eólico Miñón (superficie vinculada ao parque eólico), cualificándoa como Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas.

Este tipo de solo:

Mantén de forma xeral os usos tradicionais previstos na normativa vixente, sen máis limitación que a necesaria protección das infraestruturas enerxéticas, de forma que non se altera o desenvolvemento actual da área en canto aos proxectos de carácter forestal actualmente en marcha.





Permite a implantación do parque eólico en canto ás súas infraestruturas e equipamentos, dado que os mesmos non interfíren de forma significativa sobre os usos tradicionais.

Permite o desenvolvemento das infraestruturas sen alterar o equilibrio natural da área definida, dado que, aínda que esta non é moi sensible, indubidablemente ten un carácter que é preciso respectar.

A nova cualificación do solo proposta de Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas debe cumprir os criterios seguintes:

2.1. ÁMBITO E LICENZAS

A categoría de Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas comprende a zona destinada á instalación de infraestruturas enerxéticas vinculadas á utilización do recurso natural: vento.

Esta zona queda toda ela contida no Concello de Vimianzo na provincia da Coruña, ocupando unha superficie de 79,96 hectáreas neste municipio.

2.2. CONDICIÓNS DE USO

Nesta categoría de solos quedan permitidos os usos para o emprazamento de infraestruturas e as súas zonas de afección destinadas ao aproveitamento do vento como recurso natural para a produción de enerxía (parques eólicos), así como os usos agrícolas, gandeiros e as actividades forestais sen máis limitación que a necesaria protección das infraestruturas enerxéticas.

Quedan permitidos os usos permitidos na letra k) do artigo 35 Usos e actividades en solo rústico, da Lei 2/2016 e en concreto as actividades mineiras, sen máis restricións que a necesaria protección das infraestruturas enerxéticas.

Os usos destinados á instalación de infraestruturas e as súas zonas de afección destinadas ao aproveitamento do vento como recurso natural para a produción de enerxía (parques eólicos) que proxecten situarse neste tipo de solo, deberán contar coa correspondente declaración de impacto ambiental, de acordo coa lexislación ambiental vixente durante a tramitación do proxecto, e coa aprobación do proxecto sectorial correspondente segundo o establecido nos





artigos 22 a 25 da Lei 10/1995 de Ordenación do territorio de Galicia e modificacións posteriores.

2.3. CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN

Segundo a Lei 2/2016 do 10 de febreiro, “O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, salvo cando resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade. En todo caso, haberán de adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.”

Debido ás características das instalacións, as dimensións dos aeroxeradores fan que resulte imprescindible superar as dimensións máximas de volume das construcións tradicionais para o caso dos aeroxeradores. Polo que se cumpre a normativa.

2.4. CONDICIÓN ESTÉTICAS

As construcións e instalacións que proxecten situarse neste tipo de solo, deberán adaptarse ao ambiente no que se sitúen. Para iso, a tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características da contorna, e os materiais empregados para cubertas de edificacións deberán harmonizar coa paisaxe no que se vaia a situar.

Igualmente, as casetas prefabricadas utilizadas durante as obras, serán de cores mates, non reflectoras, e retiraranse no momento que termine a obra, así como calquera indicación, cartel, etc.

As construcións temporais de obra situaranse en zonas que reduzan o seu impacto visual.

Dado que o recurso para utilizar é o vento, os mastros, turbinas e pas dos aeroxeradores que producen a enerxía, presentarán un acabado en cores mates e claros, tales como branco ou gris.

En todo caso, teranse en conta as determinacións establecidas na declaración de impacto ambiental.





2.5. CONDICIÓNS DOS SERVIZOS

De acordo co previsto no artigo 39 da Lei 10/2016 do solo de Galicia, o promotor da infraestrutura enerxética deberá resolver á súa costa os servizos de:

- Acceso rodado.
- Abastecemento de auga.
- Saneamento.
- Enerxía eléctrica.
- Así como a dotación de aparcamentos, previa xustificación da superficie que se propoña.

2.6. PRAZO

En canto ao prazo de adecuación do plan urbanístico municipal ao proxecto sectorial, deberá realizarse coa redacción e tramitación de:

1. A primeira modificación puntual que por calquera causa acorde o concello, que obviamente pode ser expresamente para a presente adaptación.
2. A revisión do plan urbanístico municipal vixente.
3. A adaptación do plan á Lei 10/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2.7. EFICACIA

Segundo se establece no artigo 24 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, as determinacións contidas nos plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal vincularán ao plan do ente ou entes locais en que se asenten devanditos plans ou proxectos, que se deberán adaptar a elas dentro dos prazos que para tal efecto determinen.

No Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, especificase no seu artigo 11.1, que as determinacións contidas nos proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal terán forza vinculante para as administracións





públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do plan urbanístico vixente. Tamén, no seu artigo 11.2 especificase que os municipios onde se asenten as infraestruturas, dotacións ou instalacións obxecto dun proxecto sectorial deberán adaptar o seu plan urbanístico ao contido do proxecto sectorial, no que se establecerán as determinacións do devandito plan local que deban ser modificadas como consecuencia da aprobación do proxecto sectorial e no prazo que determine este último e, en todo caso, na primeira modificación ou revisión do plan urbanístico.

3. CUALIFICACIÓN DAS OBRAS E INSTALACIÓNS DE MARCADO CARÁCTER TERRITORIAL

As obras necesarias para a execución deste proxecto están cualificadas como de carácter territorial, de acordo co establecido no Plan Sectorial Eólico de Galicia, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 1.10.1997, e de conformidade co establecido na disposición adicional primeira da Lei 10/1995, do 23 de novembro.

